

Por que se incrementa o recibo da luz?.- Adrián Dios Vicente

O recibo da luz componse de dous factores: as peaxes que fixa o Estado e o prezo fixado no mercado. Cada unha destas variábeis supón aproximadamente o 50% da factura.

Sendo conscientes de que o modelo de peaxes debe ser modificado, imos resaltar varias cuestións en relación ao valor “de mercado”, que é o que se viu incrementando nos últimos tempos:

1. Este prezo de mercado outórgase en base a prezos marxinais, é dicir, faise unha poxa onde o prezo da última unidade vendida (a máis cara) é o prezo final de todas as unidades. Exemplo: se vendemos electricidade a prezos 5, 10 e 50, toda a electricidade será vendida ás persoas consumidoras por 50. A isto chámasele “**beneficios caídos do ceo**”.
2. **A opacidade no sector é moi elevada.** Como podemos coñecer se realmente neste proceso non hai irregularidades? De feito, a Comisión Nacional de Competencia xa ten sancionado ás eléctricas por levar a cabo prácticas prohibidas na fixación de prezos.
3. Nese mercado eléctrico non só están as empresas, senón tamén entidades financeiras. Estas entidades adícanse a mercar e vender enerxía no mercado de futuros, baixo o pretexto de “regular os prezos e facelos menos volátiles”. Na realidade, tamén **especulan**.
4. **As empresas produtoras e as comercializadoras de enerxía son as mesmas.** Polo tanto, a súa capacidade de control do mercado é moi elevada. Nun contexto onde só 5 empresas controlan a inmensa maioría do mercado, poden facilmente xerar prezos artificialmente elevados.

Neste contexto, é falso que a maior parte do que pagamos sexa para o Estado ou as primas. Cálculos de [Economistas frente a la Crisis](#) calculan que máis do 90% da tarifa supón custos do sistema (é dicir, que deberían pagarse si ou si para o funcionamento do sector eléctrico), mentres a [Unión Española Fotovoltaica](#) calcula que un máximo do 9% representan axudas a empresas renovábeis independentes.

Ao mesmo tempo, o oligopolio eléctrico crea o **déficit de tarifa**, como mecanismo para obter beneficios extra por parte do Estado ao realizarse o proceso de liberalización. O argumento do déficit de tarifa é que as empresas venden enerxía por debaixo dos seus custos, polo que o Estado debe financiar ese desfase.

Os datos para coñecer se este déficit de tarifa existe son moi escasos, e **as empresas eléctricas néganse a realizar auditorías independentes** para valorar a realidade deste asunto. Ao mesmo tempo, as empresas teñen fortes beneficios, polo que é dubidoso que o déficit de tarifa (que elas cifran en 4.000 millóns de € en 2013) sexa real.

Neste contexto dous elementos mudan o panorama eléctrico:

- a) Promóvese a **Reforma Eléctrica** que supostamente ía rematar co déficit de tarifa. O seu articulado non amosa alternativas para este problema, pero si **retira competencias ás Comunidades Autónomas** (o réxime especial), **ataca á autoprodución** cun canon (para ampliar o mercado das grandes empresas) e non resolve as desigualdades territoriais.

- b) Montoro impide a Soria solicitar un crédito para o pago do déficit de tarifa, xa que o Estado incumpliría os obxectivos do déficit impostos pola Troika. Este elemento é o que provoca que o oligopolio eléctrico promova unha **elevadísima suba do prezo da luz**, que remata por facer que o **gobierno interveña** o mercado para evitar o incremento de máis dun 11%.

Esta é a situación na que nos atopamos actualmente. Existen alternativas?

1. É necesario **mudar o sistema actual de tarifas**. En primeiro lugar, dende o punto de vista territorial non pode existir unha tarifa única cando hai territorios exportadores (que non sufren perdas de transporte) e produtores (que sufren externalidades negativas como a contaminación)
2. É necesario **regular fortemente o sector**, promovendo a intervención estatal e a transparencia na toma de decisións. O mercado ten que funcionar con prezos medios e non marxinais, ao mesmo tempo que se realizan auditorías ás empresas para coñecer os custos reais da súa produción.
3. É precisa a **participación pública directa**. Non só no impulso de empresas públicas que produzan enerxía, senón tamén impulsando proxectos cooperativos que permitan rachar co oligopolio eléctrico e introduzan criterios de equidade na produción.
4. Necesidade dun **modelo sostíbel**: se o mundo é finito, a produción de electricidade non pode ser infinita. Ou mudamos a estrutura actual da produción eléctrica ou no medio prazo sufriremos unha crise enerxética e ambiental sen precedentes.